

entidades locais desta Comunidade Autónoma para a adaptación, reparación e conservación de centros de saúde, e aceptando o nela estipulado..

Solicita

Unha subvención de ... euros, con destino a ..

Achega a documentación esixida pola devandita orde.

En ... , ... de ... de 2003.

(Sinatura e selo)

Presidente do Servicio Galego de Saúde.

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Orde do 19 de decembro de 2002 pola que se modifica a Orde do 11 de decembro de 2002, pola que se establecen medidas que complementan as axudas establecidas na Orde do 18 de novembro de 2002, pola que se establecen medidas transitorias e urxentes para facer fronte ás consecuencias do buque Prestige.

A Orde do 11 de decembro de 2002 establece medidas que complementan as axudas establecidas na Orde de 18 de novembro de 2002 pola que se establecen medidas transitorias e urxentes para facer fronte ás consecuencias do buque Prestige ampliando estas axudas a outras actividades, que non sendo extractivas si se ven seriamente afectadas pola prolongada inactividade pesqueira e marisqueira da zona afectada polo vertido do buque Prestige.

O Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, sobre medidas reparadoras en relación co accidente do buque Prestige, modificado polo Real decreto lei 8/2002, do 13 de decembro, establece que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través do Instituto Social da Mariña aboará unha axuda complementaria de 10 euros ós armadores embarcados, tripulantes e mariscadores, así como para ós redeiros e colaboradores familiares de embarcacións, ó persoal laboral das confrarías, ós operarios das lonxas e fábricas de xeo, e ós comercializadores de primeiro nivel que poidan amosa-la súa dependencia do recurso afectado.

Dado o elevado número de axentes que interveñen no proceso de comercialización do peixe en Galicia e a complexa interrelación entre eles, faise necesario definir aqueles que pudieran ser considerados afectados directos e ser beneficiarios das axudas establecidas na Orde do 11 de decembro de 2002.

Visto o anterior,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Os preceptos da Orde do 11 de decembro de 2002 pola que se establecen medidas que complementan

as axudas establecidas na Orde do 18 de novembro de 2002 pola que se establecen medidas transitorias e urxentes para facer fronte ás consecuencias do buque Prestige, quedan modificados nos seguintes termos:

Primeiro: modifícase o artigo 1 que quedará como segue:

«Poderán acollerse ás presentes axudas os colectivos que, cumprindo o establecido no artigo seguinte, a continuación se definen:

-Redeiros e colaboradores familiares de embarcacións.

-Persoal laboral das confrarías.

-Operarios das lonxas e fábricas de xeo.

-Comercializadores de primeiro nivel que poidan amosa-la súa dependencia do recurso afectado, incluíndo os traballadores por conta allea.

Enténdese por comercializadores de primeiro nivel, aqueles axentes económicos que se dediquen, de xeito exclusivo, á compra de produtos pesqueiros e marisqueiros nas lonxas dos portos incluídos procedentes das flotas paralizadas nas áreas afectadas e realice a súa comercialización, de xeito maiorista.

Non se inclúen neste grupo, tódolos comercializadores que, aínda podendo proveerse de produtos pesqueiros e marisqueiros directamente nas lonxas afectadas, teñen como actividade principal a venda de carácter retalista (peixerías, venda ambulante, restauración e similares).

Nestes casos, de considerarse afectados, poderán acudir ás axudas fiscais e sociais, así como ás liñas de crédito establecidas, para os efectos polo Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, modificado polo Real decreto lei 8/2002, do 13 de decembro, sobre medidas reparadoras en relación co accidente do buque Prestige, destinadas a minora-lo impacto negativo do accidente na economía dos diferentes sectores económicos, e ás reclamacións directas ó Fondo Internacional de Danos debidos á Contaminación por Hidrocarburos-FIDAC».

Segundo: modifícase ampliando o artigo 3º, incluíndo un novo parágrafo:

«Non obstante ó disposto no parágrafo anterior, e tendo en conta o novo prazo de remate da presentación de solicitudes, as axudas que se concedan no ano 2003, concederanse de conformidade coa normativa en vigor sobre a tramitación anticipada de expedientes de gasto, imputándose este ós orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2003».

Terceiro: modifícase o artigo 4º, engadindo ó primeiro punto do artigo 4º, no referente á documentación que deben presentar, o seguinte guión, na alínea de «en tódolos casos».

«-Fotocopia do DNI ou tarxeta de identificación fiscal no caso de persoas xurídicas».

Cuarto: modifícase o penúltimo parágrafo do artigo 4º, que quedará redactado como segue:

«Toda a documentación deberá ser presentada antes do 31 de decembro de 2002 nos rexistros das delegacións territoriais e comarcais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos».

Quinto: modifícase a redacción do artigo 6º que queda como segue:

«Estas axudas serán incompatibles con:

1. A realización polo perceptor de calquera actividade laboral, durante o período establecido, agás no caso da participación nos traballos de limpeza ou análogos que se leven a cabo nas zonas afectadas polo vertido producido polo accidente do buque Prestige.

2. O recoñecemento do dereito á protección por desemprego e co resto das prestacións do sistema da Seguridade Social, non compatibles co traballo do beneficiario».

Disposición adicional

Non obstante ó disposto no artigo 6º, punto 1 da orde modificada, dada a situación de emerxencia que se vive nos portos afectados e o carácter social do traballo que desenvolven, o pagamento das axudas ó persoal laboral que se acolla a estas, estará vinculado á sinatura dun compromiso coa confraría de continuar realizando o seu labor nas condicións e modos nos que o viñan desenvolvendo ata o momento da solicitude.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2002.

Enrique César López Veiga
Conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos

CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS

Resolución do 5 de decembro de 2002, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se anuncia a exposición pública das listas definitivas das solicitudes admitidas e excluídas dos programas correspondentes ás axudas do fondo de acción social do ano 2002 para o persoal ó servizo da Administración de xustiza destinado na Comunidade Autónoma de Galicia.

Rematados os traballos do reparto do fondo de acción social para o ano 2002 e de conformidade co establecido nos puntos 6 e 7 do acordo da comisión paritaria de acción social sobre os criterios de repar-

tación do fondo de acción social para o exercicio 2002 para o persoal ó servizo da Administración de xustiza nesta Comunidade Autónoma, ó que se lle deu publicidade por Resolución do 10 de maio de 2002 da Dirección Xeral de Xustiza (DOG nº 100, do 27 de maio), e unha vez transcorrido o prazo de alegacións previsto no punto segundo da Resolución do 29 de outubro de 2002 pola que se anunciaba a exposición pública das listas provisionais (DOG nº 214, do 6 de novembro), esta dirección xeral

DISPÓN:

Primeiro.-Aprobar e dar publicidade ás listas definitivas das solicitudes admitidas e excluídas correspondentes ós programas I, II e III: axuda fillos e estudos fillos, estudos funcionarios e axuda minusválidos respectivamente, que estarán expostas no taboleiro de anuncios da Dirección Xeral de Xustiza, no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, nas audiencias provinciais, nos xulgados decanos e no Servizo de Xerencia.

Segundo.-Que a contía do programa I se verá incrementada polos sobrantes do programa II e III.

Terceiro.-Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderán presentar recurso potestativo de reposición ante o director xeral de Xustiza no prazo dun mes ou impugnala directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte ó da publicación da presente resolución, de acordo co previsto no artigo 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e artigos 14, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 23 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2002.

Juan José Martín Alvarez
Director xeral de Xustiza

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 12 de decembro de 2002 pola que se convoca unha bolsa de linguaxe administrativa inglesa.

O artigo 3.1º g) da Lei 10/1989, do 10 de xullo, de modificación da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública, considera entre os fins da escola a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no eido da Administración pública, promovendo a súa máxima difusión.

En execución do plan de actividades da escola para o ano 2003, e de conformidade coa referida lei, con-